

# ORDENANZA DAS “PLUSVALÍAS”

## Así funcionan os partidos políticos:

Existía unha ordenanza **inxusta** e que **só pagaban os que non sabían que non se pagaba**, é dicir, se non pagabas, non pasaba nada, pero se ías pagala, cobrábancha. E esta ordenanza estaba vixente por mor da ineficacia e a **deixadez** do goberno bipartito anterior.

**AER denunciou a situación desa ordenanza** e aprobouse unha nova. O PP apúntase o tanto, pero aproveitando a conxuntura, **está cobrando con catro anos de antigüidade a ordenanza anterior** pero claro.....

ia culpa é de AER!

Non teñen vergonza; os anteriores por ter unha norma coma a que había e os actuais polo seu afán recadatorio.

NOTA: O Imposto sobre o incremento do valor dos terreos de natureza urbana, coñecido coloquialmente como o “da plusvalía” é o imposto que hai que pagar cando se transmite unha propiedade (casa, piso, finca urbana), ben sexa por herdanza, doazón ou venda; gravándose o incremento do valor da propiedade nos últimos anos.

# CANON DA AUGA - CANTO PAGA VOSTEDE???

Consello: lea os artigos 53 e 54 da **Lei de Augas de Galiza**. Neses artigos establécese que pagaremos por consumo segundo os habitantes da vivenda. PERO *"Agás proba do contrario, presúmese que unha vivenda está habitada por tres persoas"*. Tamén hai reducións por diferentes motivos.

Aclarado isto, e dado que cando AER presentou unha moción sobre a Lei de Augas, **o PP, o PSdeG-PSOE e BNG, rexeitaron que o Concello informara** e facilitara os trámites para que vostede acreditara que NON SON TRES OS QUE HABITAN na vivenda habitual, ou estivera en algunha situación que o favorecese, **informamos**:

**QUE SE VOSTEDES SON MÁIS DE TRES HABITANTES NA VIVENDA, ESTÁN PAGANDO DE MÁIS; SE SON FAMILIA NUMEROSA, ESTÁN PAGANDO DE MÁIS. E NON TEÑEN POR QUE FACELO, E TAMÉN NO CASO DE SITUACIÓN SOCIO-FAMILIAR DE DIFICULTADE.**

AER PONSE Á SÚA DISPOSICIÓN PARA FACILITARLLE A INFORMACIÓN E ACOMPAÑALO NA TRAMITACIÓN CORRESPONDENTE.

**AER** **INFORMA** (Somos así)